

Asamblea de Proxecto Cárcere

Data: 01 de Outubro de 2011

Local: Casa Casares Quiroga

Hora de comenzo: 11.15

Asisten: Carmen, Ángel, Cris, Lydia, Luis, Ana, Mariola, Tono, Pepe, Roci, Marta, Tomi, Laura, Patxi, Dinorah.

Moderadora: Dinorah

Acta: Lydia

Facemos unha breve presentación dxs asistentes á asamblea, para ir coñecendo ás novas incorporacións: Luis, que leva o tema dxs Sen Teito no grupo do 15-M de Montealto e Ana, que propuxera unha hora urbá no cárcere.

Lese a orde do día:

1. *Estratexias.*
2. *Proposta Grupo Coordinador.*
3. *Cuac FM.*
4. *Reunión Concellería de Cultura.*
5. *Dossier Proxecto Cárcere.*
6. *Varios.*

E decídese cambiar a orde, poñendo primeiro a Reunión da Concelleira.

1. Reunión coa concelleira.

Rocío comenta como foi a reunión que tiveron o luns 26 de Setembro (Roci, Pepe, Patxi, Carme e Tono) coa concelleira de cultura, Ana Fernández, onde lle presentábase o Proxecto Cárcere. Pola nosa banda levámoslle o dossier que temos elaborado. As impresións foron que pola nosa parte o fixemos moi ben, pero Ana non estivo moi participativa. Comentou que o edificio pertence a Penitenciarías e que o concello non ten intención de pedilo nin invertir nel dada a situación actual. Insistimos bastante en que nos preocupaba o tema da seguridade, pois o edificio está sendo destruído. E pedíuselle axuda para interceder para conseguir as chaves do cárcere. Ana (da asamblea) comenta que escoitou comentarios de xente achegada de que dende o concello cerran carpeta do do cárcere polo tema da memoria histórica.

2. Estratexias dos grupos de traballo.

Comunicación

Mariola comenta o traballo do subgrupo de divulgación que se creou e no que se pretende promocionar o Proxecto Cárcere a nivel externo (prensa) e á cidadanía. Algunhas das ideas nas que andan a traballar son: elaboración de cartaces permanentes, recollida de sinaturas, achegamento aos barrios, festa do Magosto, contacto con asociacións, merchandising, tamén a través do blogue poñer unha pestaña “ti que farías aquí”, etc. O obxectivo principal a curto prazo deste grupo de traballo é mellorar a comunucación interna e a intercomunicación entre grupos de traballo, seguir traballando na wiki, elaborar un plan de acción de cómo comunicarnos agora con penitenciarías, elaborar unha

estructura para as entrevistas, eventos, etc. (Roci está a elaborar un esbozo de dossier, do que se falará máis adiante), creación dun foro...

Propónse a idea de que por grupo haxa dúas persoas encargadas de actualizar a wiki. Comunícase que se procederá a unha actualización das listas de correo dos grupos de traballo. Esta semana recibiremos un mail no que se nos solicitará que todas as persoas interesadas en traballar nun grupo (estivese nel xa, ou non) envíen correo poñendo o grupo no que están interesadx e o seu nome de contacto.

Tomi propón facer unha carta dirixida ao alcalde ou ao director de penitenciarías, indicando a nosa grave preocupación polo estado actual do cárcere (roubos de cobre, destrozos varios). Pasar esa carta por rexistro, e se non se nos fai caso, convocar aos medios. A todos parécenos boa idea, pero chegamos á conclusión de que iso sería tarefa do grupo de xestión e non do de comunicación.

Xestión

É un grupo que non se reuniu dende hai bastante tempo e que anda algo desactivado. Hai dous puntos de vista:

Por unha banda Tomi propón deixar un pouco ao marxe a activación deste grupo ata que non saibamos ben qué vai pasar co edificio, e vendo que por outras liñas de traballo hai moito que facer e que non somos moitos e o tempo tampoco sobra, fala de priorizar tarefas.

Pola outra Roci expón que todo o traballo é importante e necesario e que todxs precisamos do traballo de todos para poder avanzar. Propón tres vías de traballo para este grupo:

- Estudar cal podería ser a personalidade xurídica do Proxecto cárcere. Traballar cos Estatutos que lles vai pasar Tono. Pois para a solicitude de espazos ou para nos poñer en contacto con Penitenciarías para a solicitude de chaves é preciso dunha calidade xurídica.
- Recopilar dossiers de traballo doutras asociación similares e poñerse a estudalos para ver cómo funcionan e traballan.
- Estudar factores da cidade, modelos sociais, cooperativas.

Discutindo sobre ambas propostas, chégase a conclusión de que é mellor activar o grupo e comenzo a traballar facendo un calendario real a curto prazo.

Tamén xurde a idea de facer obradoiros/seminarios con xente con experiencia no tema, que sexa da cidade ou cercana e que nos poda orientar un pouco nestes temas.

Proxectos

É un grupo tamén bastante desactivado. Hai que volver a redefinir os obxectivos.

Tono propón que cada persoa traia unha proposta do que queredría facer no cárcere.

Mariola dille que xa hai un documento que se realizara ao comenzo das nosas reunións, no que cada un propuña cousas. Mariola di ademais que hai moitas propostas que nos mandaron e que sería boa idea recompilalas e estuda-la súa viabilidade. Ver cales teñen cabida, qué espazos se demandan, etc.

Infraestructuras

Teñen pendente rematar a medición do estado actual do cárcere (aproveitarán o acto do COAG do luns para quedar para rematala).

Están a traballar tamén nun informe de non ruina e en dar visibilidade na wiki.

Propónselles facer un estudo da calificación urbanística do terreo e edificio para saber se está protexido ou non.

Están dispostos á colaboración con outros grupos de traballo a nivel de elaboración do dossier.

Varios

Vendo que quedan 40 minutos decídese cambiar a orde do día para que nos dea tempo a falar de temas inminentes coma os actos da vindeira semana relacionados co día internacional da arquitectura organizados polo COAG, e tamén unha charla no 15-M de Montevalto.

Luns 3. O acto que ten lugar no cárcere será ás 13.00. Algúns de nos irán a sacar fotografías e outros a gravar. Carmen propón facer unha performance baseada en que quedou xente pechada no cárcere dende as Xornadas de xuño e achegarse á xente preguntando polas chaves. Será visual e reivindicativa. Solicítanse voluntarios para a performance, pero ante a escasa voluntariedade, Carmen será a encargada de levar a cabo a actuación. Tono propón meter o manifesto en pelotas de tenis e darllas ao alcalde, encargarse él de facelas. Os do grupo de infraestructuras irán a medir, para facer visible tamén que estamos traballando no proxecto.

Mércores 5. O COAG invitounos a un acto que teñen na sede de Coruña ás 20.00. Proxectarase o video de medición do cárcere e o das Xornadas. Acudirán membros da plataforma para informar sobre o proxecto.

Xoves 6. Charla sobre o proxecto na assemblea do 15-M en Montevalto. Acudirán Pepe e Carmen a falar sobre o proxecto.

Pepe cóntanos que M^aXosé Bravo invitounos a acudir ao pleno xa que o seu partido vai a sacar o tema de qué se ten pensado facer co edificio do cárcere. Dende a assemblea pénsase que no é axeitado asistir, nin vicularse cun partido en concreto, que o mellor sería facer dende a propia plataforma unha proposta a tódolos partidos para que falasen un día no pleno do tema e ese día acudir con preguntas.

Grupo Coordinador

Propónse a creación dun grupo coordinador que será o encargado de mellorar a comunicación interna e intergrupala e de coordinar un pouco as accións do grupo. A elección e tipo de funcionamento deste grupo será establecida dentro do propio grupo. Estará formado por dúas persoas poden ser rotativas ou non, pero de seren rotativas propónse unha rotación no conxunta, de modo que no sexan as dúas persoas novas no cargo á vez. Reuniranse unha vez ao mes como mínimo e farán visible o traballo realizado. Terán unha conta de correo da que terán que estar pendentes. Queda aprobado este grupo de coordinación, quedando pendente na próxima assemblea a súa constitución.

5. Dossier

Roci está a preparar un esbozo de dossier para a presentación ás institucións que estará listo para finais de novembro.

6. Cuac FM

Ao seren premiados cos Oscuacs, ofrécesenos a posibilidade de participar en Cuac FM.

Tomi expón tres posibilidades de levar isto a cabo:

- Un programa semanal durante tres meses
- Ter un espazo no Ardecoruña (sábados de 12-14)
- Participar nalgún programa de radio e ir aprendendo, coa posibilidade de integrarse en Cuac.

Crearase un grupo de radio para recibir a formación de radio que nos darán desde Cuac. A xente que estea interesada, debe mandar mail a proxectocarcere@gmail.com poñendo o seu interese en participar neste grupo.

Pregúntase a posibilidade de comezar en xaneiro e Tomi di que non hai ningún tipo de problema nas datas de comezo, eso sí, canto máis tardemos, os horarios iranse enchendo e teremos que adaptarnos aos que queden baleiros.

Péchase a assemblea ás 13.30, quedando proposta a data de **5 de Outubro** para a próxima assemblea.

Durante o transcurso da assemblea estivéronos gravando para un documental que están a facer sobre cárceres reutilizadas e rehabilitadas para outros usos. Tamén veu durante a assemblea un fotógrafo da Opinión para sacarlle unha foto a Roci, que acompañaría ao artigo que se publicará na prensa.